

FRANCISCO CONDE LÓPEZ

CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

Licenciado e doutor en Ciencias Económicas e Empresariais pola Universidade Complutense de Madrid, Francisco Conde López (Monforte de Lemos, 1968) comeza a súa traxectoria na Xunta no ano 2009 como asesor do presidente, logo de case 15 anos dedicado á docencia na Universidade CEU San Pablo, onde ocupou tamén diferentes responsabilidades.

Desde 2012 é conselleiro de Economía e Industria asumindo, en 2015, as competencias en materia de Emprego. Como responsable da área de Enerxía, lidera a aposta do Goberno galego por unha transición baseada nun mix enerxético coherente e equilibrado que sente as bases para contar cun futuro marcado polas enerxías renovables e a eficiencia enerxética.